



PLÁTANO DE SOMBRA

Platanus x acerifolia

SABÍAS QUE...? No Paseo do Espolón de Padrón atópase outro conxunto de plátanos de sombra centenario recollido no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia.



Pertencente á familia das platanáceas. Foi desde antigo considerado un híbrido orixinario do cruzamento entre os parentes *Platanus occidentalis* e *Platanus orientalis*; a pesar diso, non está claro a súa orixe, que uns localizan en Londres e outros en España.

Nome común: Plátano de sombra, Plátano de paseo (cast.); Plátano de sombra (gal.); London plane, London plane tree, Hybrid plane (ing.).

Etimoloxía:

- *Platanus*: O xénero procede do grego *platanos*, nome co que xa se coñecía na antigüidade a especie *Platanus orientalis*, que é o plátano nativo do sueste de Europa e suroeste de Asia
- *acerifolia*: O termo *acerifolia* procede do xénero *Acer* Tourn. ex L. (nome clásico do arce) e do latín *folium*, -ii = follas, polo parecido das súas follas coas dalgúns arces

Descrición da especie: É unha árbore monoica, caducifolia de ramas abertas e ampla copa, de rápido desenvolvemento. Árbore moi grande. Os plátanos de sombra poden exceder os 40 m de altura, con tronco erecto e cortiza que se desprende en placas cremoso-verdosas ou amareladas. A súa cortiza, de cor cincenta ou verdosa, castaña nos troncos vellos, despréndese en placas escamosas que deixan ao descuberto manchas irregulares amareladas ou esbrancuxadas da cortiza interna. A cortiza e as follas teñen propiedades adstrinxentes. Follas caducifolias, simples, alternas, palmado-lobuladas, de bordo dentado, feixe glabro e reluciente e envés pálido. Flores unisexuais (monoicas), insignificantes, escamosas, en abril-maio. Froito aquenio, claviformes, pelosos, pardos e irritantes volátiles, en setembro-outubro.



Árbore Monumental

Conxunto de plátanos de sombra que aliñados en forma de "T" outorgan a estética dos xardíns ingleses ao Xardín Botánico.

